

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Nº Expediente: 2016/C003/000001

Asunto: Contratación de OBRA "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: NEBRIL. POS ADIC. 1/2015"

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN (2)

CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (SOBRES B) E APERTURA DOS SOBRES "C": OFERTA ECONÓMICA PARA A ADXUDICACIÓN DA SEGUINTE OBRA:

OBRA "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: NEBRIL. POS ADIC. 1/2015"

Importe de licitación: 34.652,81 euros e 7.277,09 euros de IVE (41.929,90 € IVE incluído)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

D. Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do Concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor do Concello

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

SECRETARIA:


Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, administrativa do Concello.

Non asiste don José Camilo Casal García, concelleiro.

No Salón de Comisións da Casa do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 11:00 horas do luns 11 de abril de 2016, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación dos criterios técnicos e á apertura dos sobres C presentadas no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Do informe elaborado polo Sr. Arquitecto municipal con data 06.04.2016, o cal se xunta como anexo da presente acta, despréndese o seguinte resultado en relación á valoración das referencias técnicas presentadas polas empresas incluídas na presente licitación:

EMPRESA	PUNTUACIÓN
SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L.	2,47
BEGASUCEGSA	2,15 (1)
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	2,85
VILLASUSO ORTEGAL, S.L.	3,06
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.	2,85
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	3,85



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

- (1) A oferta debe non admitirse, de acordo coa cláusula 12.2, apartado A), letra b), por presentar referencias distintas ao Presuposto Base de Licitación no diagrama de Grantt, considerado con (segundo o Regulamento de Contratos) ou sen IVE (segundo a Lei de Contratos), xa que as referencias que presenta son ao Presuposto de Execución Material.

A Mesa aproba a valoración técnica realizada polo Sr. Arquitecto municipal con data 06.04.2016.

Procédese de seguido á apertura dos sobres C: oferta económica, sendo a seguinte:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE
SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L.	28.415,30
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	28.760,00
VILLASUSO ORTEGAL, S.L. (*)	24.240,00
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A. (*)	23.217,38
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	31.790,49

(*) Unha vez realizados os cálculos correspondentes, resulta que as empresas Villasuso Ortegál, S.L. e José No Mantiñán e Hijos S.A. presentan ofertas que poden considerarse anormais ou desproporcionadas:

- oferta media : 27.284,40 euros sen IVE
- límite oferta anormal ou desproporcionada: 24.413,26 € sen IVE
- oferta presentada por Villasuso Ortegál, S.L.: 24.240,00 € sen IVE
- oferta presentada por José No Mantiñán e Hijos, S.A.: 23.217,38 € sen IVE

Polo tanto a Mesa acorda:

- 1.- Excluir á empresa BEGASUCEGSA polos motivos expostos no informe técnico de data 06.04.2016.
- 2.- Requirir ás empresas Villasuso Ortegál, S.L. e José No Mantiñán e Hijos S.A. para que xustificuen as súas ofertas, presentando a documentación disposta no art. 15.5 do Prego-tipo de cláusulas administrativas, no prazo máximo de cinco (5) días contados desde a recepción do correspondente requirimento.
- 3.- Solicitar novo informe técnico ao respecto da documentación que se presente, e reunirse de novo para continuar coa adxudicación.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 11:30 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa dou fe.